

Pensar a Uxío Novoneyra

Logo de dar a coñecer e recuperar grande parte da obra deste autor con motivo de dedicarlle o Día das letras deste ano, compre pasar a unha segunda etapa na que se debata sobre a interpretación de ditos textos. O Día das letras serve para popularizar a escritores galegos, mais se non se profunda neles, e se despachan como se xa quedaran esgotadas as súas posibilidades, entón a homenaxe pode volverse contraproducente por canto se considere que xa está estudado de abondo e só resta pasar a outra cousa, a outro autor. Con este traballo preténdese continuar o debate sobre as súas teses na confianza de que aínda queda moito proveito que sacar dunha poética tan potente e rica como a deste autor.

XOÁN CARLOS GARRIDO COUCEIRO

Profesor de Filosofía, director da revista Terra e Tempo e sindicalista da CIG-Ensino. Autor de diversos libros de ensaio sobre pensamento galego como *O pensamento de Castelao e Castelao contra Piñeiro*

O TEMPO (O CURSO XORDO DO COTIÁ). “MORRER é ficar morto” escribe en *Primeira verdade e tempo con nomes*, e quizais abundase con desenvolver o título deste apartado do libro *Elexías do Courel e outros poemas* para tratar de comprender o seu punto de partida e tamén os obxectivos que ten fixado o Uxío Novoneyra coa súa obra, despois de todo “a meta é a orixe” (Karl Kraus). Non é un poeta da regresión ao paraíso perdido, que

volva a “infancia” -como se di nalgunha presentación editorial- e as terras e a lingua destas idades temperás, senón que, para el, o futuro xa se atopa no pasado, e o corte que se dá co nacemento -pois non existimos sempre- xa anuncia o corte que se producirá coa morte -pois non existiremos sempre- e con isto, alcanzamos, neste absurdo caos ao que nos botaron, a primeira premisa certa sobre a que construír sentido onde non hai nin-

gunha razón para que as cousas sexas así e non doutra maneira, ese axioma fundacional é o de que somos finitos.

E a introdución da finitude na existencia configura e dá valor ao presente, é unha reacción ao deixarse levar, ao adiar indefinidamente os proxectos, ao "por delicadeza perdín a miña vida". É mais, é unha inversión da convención resignada que nos anuncia unha destrución da esencia previa coa desaparición. Uxío remonta os ríos de Jorge Manrique, e mentres o arrastra o Mandeo cara ao mar, afirmar todo o contrario do palentino: "a medida que o tempo pasaba alongábame da morte". A existencia precede a esencia. O ser humano defínese a si mesmo logo de existir, faise a si mesmo.

Así pois, esta primeira verdade é unha apoloxía indirecta da vida. A morte non é un tránsito, non é unha porta, non é un comezo. A morte é un límite, é unha cancelación, é unha parálise. Quizais por iso, o tempo non é igual, homoxéneo, baleiro. O tempo non é incoloro, nin inodoro, nin insípido, pois o tempo está cheo de experiencias que cargan cada segundo de xeito que non todos duran o mesmo, introducindo todas esas sensacións que superan a visión abstracta da existencia. Lois Diéguez acerta en lembrar Novoneyra nestes termos "[...] E deches-nos mazás de zume doce/ e o milagre da erva arrecendida./Outro foi o sabor da vida". Porque houbo un tempo que puidemos pór o nome de Uxío porque tiña a súa peculiar medida.

Esa "primeira verdade", a existencia rematará algunha vez, condiciona todo o resto. Con todo, non hai derrotismo:

"Son o home que pode e soporta ser home:/ i, anque sei que non teño máis que esta vida./teimo algo que desminta a seguranza de que todo está perdido.."

O tempo newtoniano lineal e oco é superado en Uxío por unha concepción einsteiniana que impugna unha visión da historia como progreso desbocado e irrefreábel cara a un fin



luminoso, uniforme e global, no que cada etapa debe ser menosprezada, como simple chanzo que é, para acadar un obxectivo superior. O tempo idéntico a si mesmo, baixo o ideal igualitario da revolución francesa, pariu o relato lexitimador do tren do imperialismo que avanza, inexorable na súa extensión dun mesmo modelo serial ao conxunto do planeta ou mesmo do universo. A vida eterna que predicaban os crentes foi substituída pola emancipación da humanidade pola da ciencia e a técnica, tal como sostiñan os agnósticos. Mais, á fin, servían ambos os discursos para aliviaren a consciencia dos que sentían baixo as rodas do carro do desenvolvemento perfeccionador os berros das vítimas do seu avance *ad infinitum*. Para estes, o tempo non ten nomes. En certo modo, para o capital non existe nin sequera as estacións. Se Curros exclamaba o seu "¡pra min sempre é inverno!..." no seu canto para un maio de flores cuberto, hoxe o cambio climático, imposto por este modo de produción salvaxe, parece que estende o verso ao conxunto da humanidade, isto dito nun xuño de trebóns, aínda que a intención era facer unha metáfora.

Non é que se afirme que o tempo ten remate, pois dalgún xeito o tempo existe e existirá antes que un exista. Mais, como se pode dicir que o tempo é igual? Até que punto un chega a desprezar o seu tempo para rebaixalo a ese buraco inocuo que nos vendeu a modernidade? E como é posible falar



Os signos para Uxío son unha oportunidade para rachar o illamento e soidade humana ao servir de canle de expresión e comunicación. Na foto inferior vémolos escribindo os seus poemas caligráficos a través dos cales trata de facer que o significante teña que ver co significado na súa forza e intensidade expresiva persoal



Ocupación da Real Academia pola Asociación de Escritores en Lingua Galega presidida por Uxío Novoneyra, para denunciar o comportamento do seu presidente, García Sabell, Delegado do Goberno Español, quen viña de presentar un recurso contra a Lei de Normalización Lingüística. Na foto inferior vemos a Uxío restaurando o lousado da súa casa do courel. Para el non hai disociación entre o compromiso cívico e a introspección intimista, entre o individuo e a comunidade, entre o rural e o urbano, senón que a nación, é produto do dialogo e conciliación destes elementos aparentemente antagónicos

de progreso e esquecer que este tempo se ergue sobre o ombreiro do anterior, e non para substituílo de xeito que se puider prescindir del, senón só como quen se ergue a cabalo dun vehículo que o transporta, pois se lle retiran dito soporte, volve outra vez a caer no chan e non vai máis alá dos seus antepasados e volve a rolos ao punto de partida.

De feito, nos que se saben finitos ("os que saben da morte e xuntan inseguranza e desamparo") hai unha consciencia de que un ten máis anos que os que figuran no documento de identidade. Mais esa mesma consciencia de condenados á morte é a que o leva a apreciar máis a vida, e ao comprender que o pasado forma parte de nós, é o que nos fai sentir a posibilidade de continuidade nas xeracións posteriores.

Ese vencello co devir non se logra, pois, por ceibarse do pasado e desarraigarse, por moito que un queira comprar o ceo ao ofrecer como agasa-

llo o sacrificio da propia existencia na terra, dunha existencia baleira, pois "pasar de folla" que achega para quen estas están en branco, e o chamado a "mirar para diante", como concretalo se non sabemos de onde vimos, nada nos garante que non estamos a andar en círculos ou en dirección contraria.

En definitiva, morrer é quedar. A cuestión, pois, non é tanto preocuparse por onde un vai logo da súa morte, senón tomar consciencia de onde un queda:

"anque caia o monumento a
ausencia
ti quedarás como todos
quedaremos
pois xa estás na lingua
con todos os rostros do noso
pobo
cada un do seu xeito"

Escribía Uxío, a respecto de Díaz Castro, recreando unha das súas teses centrais: residir na lingua. Mais esta afirmación da posibilidade de eternidade a través deste "quedar no futuro" conecta non só os ausentes presentes con ese porvir; tamén as novas xeracións son un argumento que chama a unha esperanza que se abre camiño a pesar de todo, pois "INDA nacen nenos", non todo é extinción, hai quen seguirá cando nós xa non estivermos:

"BRANCA Uxio e Arturo
quedaranse no futuro.
Quedaredes no futuro
pra que siga o pasado
e ti Galicia a durar
anque se funda o lousado
e caia a neve no lar."

Unha esperanza que non se funda nun futuro que ignoramos, senón nela mesma. Así pois, nel a esperanza é xeradora de futuro e non ao revés, o futuro xera esperanza:

"E inda teima a esperanza.
Por qué a esperanza?
Ela sabe algo que ún ñora.

Ouh se a esperanza fose un agoiro!"

Mais é unha esperanza que vén repetíndose unha e outra vez desde que existe o ser humano e que, polo feito de reiterarse xeración tras xeración, establece unha base sobre a

que agardar a súa vindeira realización, pois mentres naceren seres humanos seguirá voltando a revivir con eles dita esperanza.

Podemos ter a seguranza de algún día alcanzarmos aquilo polo que a humanidade sempre loitou (a súa liberdade, a felicidade, a dignidade), porque nunca deixará de combater por isto mentres houber seres humanos: é esa loita o que máis humanos nos fai.

Podemos ter fe, pois, no futuro a pesar da historia de derrotas, pois "inda é nova a Terra!". Mesmo podemos adiviñar o porvir, porque coñecemos o pasado. O que non podemos é entender o presente ao ignorarmos de onde provén este, e moito menos orientando as nosas accións actuais cara ao futuro se este é produto exclusivo da nosa fabulación como cando se vendían parcelas no paraíso, no máis alá.

Nietzsche denunciaba estes adoradores da morte, que chaman a "outra vida", quitándolle importancia a esta, como se houberse máis. Uxío combatía isto coa súa poesía, a cal era:

"pra que non crean que, que vivir é calquera cousa, vivir é unha aventura extraordinaria, e hai que estar á altura dela."

Mais, afastándose un pouco de Nietzsche, a certeza non é para Uxío un instrumento ao servizo da vida. Para el, a procura da verdade é o que dá valor á existencia. Mentirse a si mesmo é malgastar a vida, a cal falsificamos, e nin sequera podemos dicir que sexa nosa, que sexa a nosa. Di Francisco Brives lembrando Uxío: "Ai negrura doente/ sei que fuxir da verdade/ lévanos a morte..".

Mais onde procurar a certeza? En que nos basémos para afirmarmos a verdade se o seu fundamento se fai depender dun futuro que nós mesmos nos inventamos?

Vivir é lexitimarse, dicía Sartre: xa que se destapou coa modernidade que somos libres, temos que dar conta das nosas accións, xa non podemos botar a culpa a outro a quen imputemos a



súa autoría. Agora ben, cantos trucos hai para escorrer o vulto? Un deles é a fuxida cara a adiante: os poderosos escusan os seus abusos presentes, amparándose nun futuro no que eles xa non estarán, cando se descubrir a súa estafa.

O futuro é usado como coartada para o subordinar aos atropelos do presente, baixo a perversa tese de que o fin xustifica os medios. Mais unha nobre causa non garante uns nobres efectos. Os actos teñen que xustificarse por si mesmos: os medios son os fins e o exercicio do poder, cando non é para promover a xustiza, a igualdade, a liberdade... non ten doada defensa para quen o ostenta ou quen o permite:

"É moi difícil lexitimar o poder e o seu exercicio degrada, non hai mais que ver como cambia en pouco tempo a face dos que o detentan, alleos a pasión da liberdade i a xustiza."

Claro que se di que ter un grande poder implica unha grande responsabilidade, mais sabemos que aqueles que se benefician da desigualdade non adoitan usar os seus privilexios e as súas vantaxes para traballaren pola xustiza. Non é que o poder desgaste coa andaina do tempo, senón que o tempo simplemente pon en evidencia a falacia das promesas dos que escusan o seu comportamento actual nuns vindeiros resultados que nunca chegan. O futuro, cando non se funda na natureza inmanente de quen o ofrece, só é un timo perma-

Inauguración da Feira do libro de Compostela no 1987. Como presidente da AELG, tratou de combinar o seu labor institucional coa toma de partido pola causa galega. Así neste discurso deixou dito: "E non se poder dicir que se está con Galicia cando non se sente a responsabilidade da pervivencia da nosa lingua como meta primordial"



Con Ramón Piñeiro no 1957 paseando por Compostela. Embaixo, foto de estudante do libro do Instituto de Lugo. Uxío tivo fame de coñecementos desde moi novo e tratou de que ese saber que ía adquirindo non o separase de quen era senón que servira para comprender mellor a súa realidade, analizando de xeito crítico toda a información que lle daban e lle ocultaban

nente que se renova cada vez que é descuberto: é un xeito de burlar as responsabilidades que un ten e que veñen dadas polo que un é ("só somos pasado").

A responsabilidade polos propios actos é unha carga que puider parecer insoportábel. Mais Uxío mostra que, grazas a ela, rachamos a soidade e apreciamos o sabor da autenticidade. Tenta, coa súa poesía, dar folgos para actuar no mundo e, sobre todo, para recoñecerse nos propios actos.

En definitiva, para asumir as responsabilidades que veñen impostas polas posibilidades:

"Tódolos galegos somos responsables de Galicia, como tódolos homes somos responsables ... e da terra."

E nese sentido, seguindo W. Benjamin, que enerxías achega o chamado a mobilizarse por alguén non nato que aínda non coñecemos? O futuro está por fabricar e só está limitado polos materiais de que dispomos, que herdamos. O futuro depende do que nós fagamos, polo que, dalgún xeito segundo como concibamos o pasado así actuaremos, e así será o futuro. Se desprezamos os que loitaron polo pobo e non desenmascaramos os que loitaron "contra o seu pobo", que futuro nos agarda? Por iso el aposta por lembrar as inxurias (Manuel de Ribadaira, Amador e Daniel...), pois efectivamente o canto progresa a favor duns descendentes ignotos que gozarán dos nosos sacrificios, sen eles merecelo nin facer nada a cambio, non é o que máis nos motiva para a revolución. O que provoca máis carraxe axitador é a vinganza polas que fixeron aos nosos pais e avós, quen si sabemos quen son, como se chamaban, teñen "nome".

"NINGÚN vento ven do Futuro
ningún vento de vagas voces
chega
e menos ningúa certeza.
Pero un corvo cruza
grañe vai e volve
e xa só estamos certos de esa
amenaza."

Efectivamente, ningún vento vén do futuro. As velas do proxecto común no que estamos todos embarcados non se van inzar coa brisa frontal, nin se inflaman as veas e os músculos dos remeiros cos cantos de serea dunha terra de promisión á cal se lle di que non serán eles quen a contemplan; mais é posíbel albiscar o mañá. Cando menos podemos agoirar o que nos agarda a partir da experiencia do acontecido. Podemos estar alerta ante do perigo, porque sabemos xa descifrar as sinais grazas ao coñecemento acumulado. Se chove, sabemos que nos mollaremos, porque sempre que choveu, nos mollamos.

Olga Novo dinos: "Novoneyra escoita e recolle o tesouro da sabedoría popular intacto, posto que nel se atopan as claves do pasado que iluminan o presente e fundamentan o futuro". Mais no pasado tamén está a historia -que no sentido de Castelao- dá conta dos fracasos de moitos futuros posíbeis que ficaron abortados. A morte é a cancelación das posibilidades, e o poeta é o grande velador das posibilidades ("A poesía é o soño non iluso, comprobando a certeza da posibilidade, convivindo ás veces co soño iluso"). Por iso, hai unha rebelión contra a historia do poeta, unha "Folga Xeral contra da Historia":

"non non é así como somos nin ti
nin eu nin todo
é a peste da HISTORIA
ou tamén esto é disculparse e ún
non só non é
ún nin foi o que foi?"

Esa historia, asasina de posibilidades: "a posible / sí posible! / LIBERTÁ anunciada no ervello do ollar de tódalas xentes", esa foi a posibilidade que bombardearon no Pazo da Moeda de Neruda, mais que reverdece entre os que toman consciencia dela:

"pros que saben que ti podes ser outra cousa, pros que saben que o home pode ser outra cousa", revive como recollida dunha testemuña, un relevo que apañamos para prolongar até onde poidamos. A historia é un condicionante pero



non pode ser unha desculpa. Porque a historia pode ser rebatida: “conózote HISTORIA anque esta nena estete desmentindo.”

Uxío distingue un pasado “rebasado” no que se refuxian os que temen o cambio, do pasado como herdo que debemos anovar, ese é o pasado que serve de fundamento máis certo sobre o que construír o futuro, o que el chama pasado “útil” é que define así: “memoria profunda, fondo común, tradición ou herdo cultural”.

O futuro non é *ex nihilo*; a renovación non nace da ignorancia e desprezo do anterior, senón do seu cultivo. Para Uxío do que se trata pois é continuar o pasado:

“Xa non se oi o río./Vai nacer outro Uxío/ pra que siga o Pasado”.

Iso implica unha carga, mais tamén un amparo:

“ampáranos porque nos dá a impresión de pervivencia ou de eternidade, ampáranos, desnihilízanos algo.”

O caso é que o pasado está presente. Confórmanos. Confórtanos. Na linguaxe estamos continuamente a actualizar o pasado e os nomes que se forxaron, hai anos son capaces de convocar quen os pronunciou ou quen os carrexou sobre si.

O tempo ten nomes. Evocar eses nomes torna presente o que representan, o seu significado, e conxuran a morte do seu significante. A elexía non ten porque ser triste, mais pronunciala implica que hai ausencias, que rematou a ilusión de que ninguén

morría. “Hasta cándo iste tempo de elexía?”. Pois cando comeza xa non remata nunca porque as baixas son irreversíbeis, ninguén volve para seguir, só para quedar, na lingua, nos nomes:

“O nome líganos coas xeracións do pasado, con tódolos antepasados que o usaron e dános certa seguranza de permanencia, de pervivencia, desnihilízanos, en certa maneira. O seu uso prolongado fai que sexan máis que meros símbolos, ó cargarse de memoria.”

Uxío procura o encontro entre o significado e o significante a través do fonosimbolismo, de diferentes recursos expresivos como as onomatopeas ou os poemas caligráficos, mesmo cos xestos dos recitais, no xeito de dispor o texto sobre o papel, nos libros... Porfía unha e outra vez en superar a arbitrariedade, procurar o vencello entre as palabras e as cousas, e, en definitiva, atopar a certeza, a cal, de xeito polémico e provocador, el cualifica de doada. Unha certeza que non se deixa atrapar; en canto se alcanza, tórnase dúbida, pois está viva e é dinámica. Ao suxeitala xa non é o que era:


“A vitalidade da terra i o sentimento diante da Historia i esa rara capacidade de trasformar a diversidade en unidade, a certeza en dúbida, o patetismo en sorriso, son o selo entre nós, dos que non se avergoñan nin esconden da sinceridade e do que se chama humanidade. Dos que se resisten ó cinismo.”

Resistirse ao cinismo: resistirse a mentir a mantenta. Non parece que

Uxío Novoneyra nun 25 de xullo, logo da posta en liberdade de Francisco Rodríguez, con quen se solidarizou e escribiu poemas de apoio pola inxustiza do proceso político que o condenou. Uxío tratou de manter a independencia intelectual e a profesionalidade como escritor, ao mesmo tempo que se comprometía coas causas populares e coa loita nacionalista



A escrita para rachar a soidade. A conciencia da soidade e a fusión coa natureza como fermento dunha escrita auténtica



Uxío lograse coa súa obra a “fusión” de que algúns falan, mais si podemos afirmar que tratou de evitar a disociación que outros predicán.

Antonia López García, Claudio Rodríguez Fer e Carme Blanco explican como Uxío trata de conciliar compromiso social e vangardismo estético e nos seus estudos deixan en evidencia o seu oficio de creador e a súa recolleita explícita de influencias e coincidencias. Emilio Araújo, Xulio Calviño e Francisco Sampedro achégannos ao transfundo filosófico da súa obra. Todos eles deitaron luz sobre a potencialidade da súa poesía pola súa feliz idea de tratar de unir verdade e vida, razón e sentimento, tradición e modernidade,... unha serie de antagonismos que a miúdo se contraponen ou se enumeran como declaración de intencións sen consecuencia práctica. É obvio que fracasou nesta fusión porque, senón, non se estaría a desenvolver todo o esforzo teórico que desataron os seus escritos. Se Uxío puxese o ramo a esta obra non tería sentido a crítica literaria e o debate filosófico posterior, pois daría remate á historia do pensamento, e quizais ao pensamento mesmo. Mais se Novoneyra suscita tanto interese por entrar nel, non é por ser críptico e hermético, senón, pola contra, porque tratou de facilitar as cousas: abriuse e expúxose nu para ser contemplado. Se a máxima aspiración do ser humano é a rotura da soidade existencial, o único xeito en que se pode dar esta é a través da comprensión do outro, entender o

que nos di. Mais como lograr isto se nos enganamos, nos ocultamos, nos estafamos...? Comunicarse para traspasar o illamento entre os seres humanos. A palabra, o signo, é un intento de conseguir atravesar a cuncha e chegar aos demais. Di Reimundo Patiño no prólogo de *Poemas caligráficos*:

“O signo é un vieiro que vai dende a colectividade ó home soio e dende o home soio e á colectividade.”

Mais ese intento é o fundamento dos outros procesos de conciliación de contradicións que vimos de enunciar anteriormente. E o seu fracaso non leva Uxío a interromper este labor, pois hai, na propia actividade de achegamento, un valor en si polo que merece a pena o intento de lograr a conexión, a fusión, o encontro, o abrazo.

Se existise algún vencello entre os signos e o que representan? Como descifralos? Até que punto é factíbel ler os indicios que amosan? O caso é que a relación é complexa e a tentación da disociación é o camiño máis doado cara ao abandono da propia responsabilidade e da vontade de entenderse. Os signos e os símbolos serviron para substituíren a realidade, e nese sentido afastáronse dela até chegar a seren utilizados para a ocultaren, para a terxiversaren, para a desprezaren... A materia, a carne, a terra é eliminada porque o seu devir no tempo é incapaz de ser atrapado pola palabra, polo concepto, polo nome común. Mais, que dicir do nome propio? Da denominación das persoas e dos espazos particulares que expresan unha concepción xeral do tempo contraposta á burguesa capitalista. Para o poder os nomes só son números (“OS que así nos tein só tein noso os nosos nomes non censo”) fronte aos nomes que son acoutamentos da intensidade do tempo (“MARÍA MARIÑO -/- CHÉ bágoas 1967”). Mais os nomes que nos son propios son desprezados porque non son universais.

Uxío trata de refutar este desprezo, ao atopar neles en canto constrición individualizada dous universais

que fundan a conexión sincrónica da solidariedade e a diacrónica de realización das posibilidades: a dor e os soños emancipadores, que loitan no interior de todos nós:

“Según a noite vai entrando
vânseme afogando
os soños na sombra e vai
medrando
a door.”

A dor que nós temos por ter corpo, por ter ideais, por ter ansias, desexos...; unha dor que a nós só nos pertence, que é o máis noso que temos, ao mesmo tempo conéctanos con todos os que senten. Algo tan propio e íntimo como é a dor (“Door miña!”) é quen de unirnos cos outros. “A mesma door xa afroxa a gorxa ó decorrer polo pranto” do Che, conflúe coa “GALICIA da door”:

“O saber que a dor é universal, leva á solidariedade. Ou sexa a constatación da dor humana, como universal, lévame a unha solidariedade universal. E dicir, estímote, considérote, mídote pola dor, non te mido por outra cousa.”

En canto á perpetuación e reiteración dos soños Uxío dinos: “Eses soños volven, a pesar de todo. (Incluso nunha sociedade coma esta...).

A pesar de todo o home, a pesar de todo o terríbel da Historia, ou quizais por iso, o home ten soños de salvación ou de posibilidade. E repítense en culturas distintas, en individuos distintos, en idades distintas. Isto apunta a algo. Apunta, repito, máis unha vez, a unha posibilidade certa que clama pola súa realización.

Os nomes abstractos e impersoais non teñen dor nin soños, son baleiros, intranscendentes, iguais, mais non son reais, e por moi universais e infinitos que se lle supoñan, só ofrecen a disolución do propio ser (“o noso sudor sin alento pérdese na terra”). A palabra conxura o devir e o nome fixa e acouta a realidade.

“Cando vexo un neno penso en ti; e se oíu un ruído sin nome, coido que ti chegara i acude todo o sangue.

TODO ruído sin nome é un agoiro.”

Antes de chegar a nome xa se sentía, dalgún xeito, xa se vía vir. Como a imaxe do neno nos fai agardar a existencia dun futuro, a realidade sentida, aínda que non recoñecida, tamén nos permite albergar a esperanza de que algunha vez chegará a se formalizar como palabra, como nome.

A correspondencia entre o sentir e a palabra é posíbel realizala no tempo a través da experiencia vivida. Uxío négase a pór por escrito algo que antes non fose experimentado por el mesmo. Mais tamén se nega a considerar esa experiencia emocional como incomunicábel, inconmensurábel e irrepetíbel. Os sentimentos non teñen porque illarnos dos demais; ao contrario, o que afecta os demais é posíbel sentilo como propio (“TODO o que pasou o meu pobo pasoume a mín/ todo o que pasou o home pasoume a mín”). O sentimento non se contrapón á razón como se fose algo inconsciente e caótico:

“O sentimento é conciencia, é conocimiento e como tal é válido e inda incluso pode ser actuante pois pode ligarnos, facernos recoñecibles, identificarnos. O sentimento non é inútil, provoca incluso a revulsión interior contra a inxustiza, a carencia e remarca a dignidade humana.”

Chégase a sentir a “inminencia”, mais esta non é unha intuición inmediata e directa, senón que é produto dunha toma de consciencia articulada.

O concepto de “inminencia” en Uxío conecta o pasado co futuro, os indicios coa realización das posibilidades. Tamén conecta a propia esencia das cousas coa súa transcendencia (inminencia é inmanencia). Por exemplo, no ser humano é inmanente a súa busca da liberdade, da felicidade, e iso fai que sexa posíbel a esperanza, mais sobre todo, que se alimente a acción, se colla confianza na colectividade, no ser humano que “pode ser outra cousa”. A inminencia é agardar que

Se Novoneyra suscita tanto interese, non é por ser críptico e hermético, senón, porque tratou de facilitar as cousas: abriuse e expúxose nu para ser contemplado



Uxío Novoneyra percorreu o país desde as máis humildes entidades e escolas até os cenáculos máis elitistas sen abandonar a súa militancia coa lingua e co sistema literario galego que pretendía consolidar, recuperando a miúdo textos doutros autores galegos que facía pasar polo filtro da súa voz de decidor para dar a coñecer e divulgar aos nosos clásicos

os outros actúen coma un, ou mellor dito, con un, a canda un.

Á fin, a “manía da autenticidade” de que fala non é outra cousa que asumir as posibilidades que un ten. Imputarse as que non se teñen (inmortalidade, universalidade) ou desprezar as que se teñen (marxe de manobra da que dispomos) son xeitos de fuxir dun mesmo. A propia esencia non se busca a través da paréntese de todo o que nos rodea e das relacións que nos inflúen. A esencia está para Uxío, pois, nas posibilidades. E negalas é falsificar a existencia. E presumilas alén dos límites que teñen, tamén é falsealas. Agora ben, non hai renuncia á eternidade porque hai procura da continuidade. Simplemente que o infinito non se vive como propiedade privada. Aspírase á perdurabilidade a través do intento de relacionarse cos demais no tempo e no espazo, rachando o illamento da súa existencia circunscrita, “salvando” as distancias cos outros:

“PODE morrer o home?

Dónde está agora Compostela?

Eu non sei pensarte morto.

Abro a fiestra e ollo a serra pra ti.”

Nas elexías constátase a rotura no tempo que imprime a morte. Ese distanciarse no tempo co morto que queda no camiño, mentres un continúa. O morto xa non envellece con un. Esa mirada atrás para contemplalo, esa apertura das ventás cara a superpor e prolongar a mirada compartida con quen xa non olla, isto é, ollar por el, vivir por el nun intento de “salvar” as

distancias. “Non son existencias olvidables”. En definitiva, porfiar superar a fenda que nos separa:

“ROMPAMOLA distancia-eterna distancia! nista aperta-teima. Ah, ser como somos!
Cánta forza e pregunta nos teus ollos me mira,
en pasada a loaira da concencia de todo!”

Un pode coller e acoller un obxecto, mais como apreghender un suxeito? O que define o suxeito é o feito de que nos mira, que nos xulga (Sartre). Se ao suxeito morto se pretende prologar a mirada, cos vivos temos máis difícil meternos na súa pel e colocarnos os seus ollos.

Segue a teima por unha fusión sen confusión. Fundirse co mundo sen disolver a propia individualidade, nin a dos demais. Un mundo que xa estaba aí e que continuará despois de nós e no que nós continuaremos, na medida en que formamos parte del e estamos implicados nel. Non é un acto voluntario. Non escollemos nós nacer nun momento e nun lugar determinado. Fomos arroxados aquí. Por iso, para Uxío o compromiso –o *engagement*– do intelectual é concibido como un “secuestro” que vén imposto. Mais a falta de reciprocidade e a independencia interfieren ese encaixe ansiado e a relación será extremadamente conflitiva. Con todo, o feito de non se lograr a fusión total non é o relevante para un Uxío, que se entrega á tensión que se xera neste proceso de abrazo co mundo e cos homes, pois é a través de dita tensión no que a autenticidade se nos amosa e a certeza que se procuraba se desvela:

“O baleiro existencial, e a conciencia do caos, e o mesmo amor non fan que se rompa a continuidade allea do curso xordo do cotián, e un descobre que non hai unha solución individual para a angustia nin para a soidade, e aí nace a solidariedade e a paixón política. ¿Ata cando? Ate a nova paixón sostida, o empeño liberador, inclusive ate o secuestro, ate ficar secuestrado



pola patria e polo empeño no posible en común.”

Así, a súa obra reflicte dita tensión entre o particular e o universal, entre o finito e infinito e, en definitiva, entre o suxeito e obxecto, como cando explora o confronto entre a facticidade de “a choiva non é miña” e o subxectivista “CHOVE para que eu soñe”.

Dalgún xeito, a choiva é quen de mudar o mundo; o cambio é continuo e Uxío agradece a natureza que lle recorde que esta é mudanza constante, que estamos en permanente transformación. Un non se baña dúas veces no mesmo río, porque a auga que contén non volve, mais aínda que a auga estiver nun circuíto pechado, a visión do río é alterada polo feito da hora do día ou da noite na que se contemple ou a brétema que houber, e mesmo recreada por unha subxectividade que conforma este e que lle dá valor e intensidade. Mais o mundo non é un invento do suxeito. E o suxeito só existe inserido no mundo; non hai suxeito sen obxecto, non hai recipiente sen contido. Estamos impelidos e apelados polo mundo:

“CHÁMANOS iste día que chove.

Chámanos cada verba
cada sorriso cada xeito cada ollada
nosa
cada val e cada teso.”

Non responder a esa chamada xa é unha resposta. O que Uxío chama “apartar a mirada” xa é unha maneira de estar no mundo, de ser no mundo. Un non pode evitar facer vulto, ocupar

un lugar no mundo; non é posible ser espectador unicamente pois o escenario abrangue todo, e o que chamamos ‘público’ é a miúdo o ‘actor principal’. Aínda que sexan outros os que leven a voz cantante, simplemente aplaudir ou asubiar, ou gardar silencio, xa é influír no curso dos acontecementos. Estar vivo implica certo sentimento de culpa polo que acontece:

“dá vergoña vivir
dá vergoña estar vivo e ver a
PRIMAVERA”

Escribe no seu *Vietnam Canto*:

“e
ollamos por quen
non son eu tamén
quen eiquí quedo
que estou matando eilí
luxando GALICIA como se luxan
KANSAS NEW JERSEY
CALIFORNIA COLORADO
IOWA”

Cada quen, desde o posto que ocupa no mundo, ten unha maior ou menor responsabilidade no que ocorre, mais ninguén se libra. Fronte a isto, hai quen trata de dissociarse do propio corpo, da propia Terra na que está, e finalmente desprenderse da autoría da súa existencia, confundíndose na multitude, acochándose no anonimato da masa, e adoptando a identidade que lle imputa o poder e que lle serve de escudo, de acocho no que ocultarse, tirar a pedra e esconder a man.

Deslocalizarse é un xeito de desprezar a consciencia, desconectarse, illarse e desprezar o que un é, e mesmo o que pode ser, de tratarse a

Con Enrique Masso no Alto do Boi no Courel, en 1966



Uxío con Manuel María, Anxel Fole, Paco Martín, Claudio Rodríguez Fer, Eduardo Sampaio, na presentación de "Contos da néboa" en Lugo. Novoneyra foi dunha xeración que soubo asumir a necesidade da acción colectiva, mesmo na creación, facendo posible compatibilizar a orixinalidade individual coa proposta cultural conxunta de defensa da dignidade da nosa literatura

si mesmo como un obxecto creado e dado, que non pode ser outra cousa. Situarse, en troco, é establecer unha relación diferente consigo mesmo e cos demais. Saber-se suxeito dos propios actos mais tamén asumir a necesidade de xustificalos ante os outros, pois se un é suxeito, debe supor que os outros tamén o son, se un mira, toma consciencia do que implica ser mirado. Saber-se, pois, xulgado vai condicionar o que fixermos, xa que logo teremos que explicalo, e á fin, o que fixermos é o que vai definir o que somos. Esa dialéctica é resumida por Uxío así:

"Eu son esto que vexo e que me ve."

Mais é unha dialéctica que non cingue as relacións humanas, pois nel abrangue tamén a natureza, que é suxeito:

"COUREL dos tesos cumes que ollan de lonxe!

Eiquí síntese ben o pouco que é un home..."

A natureza míranos, e hai quen é capaz de sosterlle a mirada até reparar nos seus ollos para comprender o que esta pensa de nós. Entón, alcánzase esa cura de humildade: O ser que se cre dono, rei, amo e señor da natureza ao final resulta que forma parte dela e que ela forma parte del.

Non é só que Uxío humanice a natureza, senón que tamén naturaliza a humanidade. As pedras, as árbores, os paxaros, o bosque... toman consciencia de si a través do home que é quen de saberse natureza.

E a natureza tamén se fai humana: O ser humano puxo nomes á natureza e esta xa non lle é allea, xa ten un engadido que fai que a nosa contemplación non sexa só 'obxectiva'. En calquera caso, o nome foi asentando nesa natureza porque ela se foi adecuando a dito nome. Ela tamén tivo algo que dicir sobre a súa denominación; tamén se expresa e comunica con nós. Hai que sabela escoitar, hai que sabela entender; séculos de conversa do ser humano con ela, depositados nos topónimos, non poden desperdiçarse.

Certo que somos adestrados polo poder para prescindir da Terra ("a lei económica impón o desarraigo, a emigración de todo tipo") como nos aprende a prescindir do corpo, o obxectivo é lograr individuos vacuos adecuados aos seus intereses. Mais a Terra e o corpo seguen aí, e de cando en vez peten na porta da nosa consciencia. E o corpo e a Terra tamén son finitos. Quizais sexa a finitude do tempo a que impón a finitude do espazo. Mais no caso do corpo, a finitude do espazo tamén impón a finitude do tempo e, dalgún xeito, a propia finitude da Terra coa que o corpo se entrelaza e á que finalmente se entrega. Unha Terra que non é obxecto de contemplación, senón que tamén é suxeito de comunicación: fálanos e tamén cala. Por iso Uxío rexeita o termo 'paisaxe'. Un labrego nunca di "paisaxe", comenta, este termo é mais acaído para un turista ou domingueiro. Afirma:

"O que eu fago, poesía da Terra. Paisaxe, os que conviven coa terra chámalle terra. A paisaxe é mentirosa, sobes ó serán e hai un ton de unidade do mundo. Impresión de unidade, homoxeneidade, unidade gris. ... mentira. Hai unha mentira da paisaxe. Eu é unha cousa directa da terra. Longa convivencia, contacto por convivencia longa."

Un turista que visite o Courel nunca saberá que está a contemplar a campa da Lucenza e perderá a po-

sibilidade de apreciar a súa carga emocional que ten un espazo no que se sucederon acontecementos que lle outorgan un plus de valor para quen os coñece:

“Tamén da Campa de Lucenza me contou un velliño, o tío Xoán, baixaba co gando da Lucenza, baixaba polas Corgas, e ía polo camiño e neste asomouse e viu once lobos xuntos, e el seguiu baixando, xa coa nebra baixándose.”

A natureza exprésase, por exemplo, a través do canto dos paxaros que Uxío, sen sabelo, xa supuña que tiñan o sentido de marcar o territorio. O seu territorio chega até onde chega o seu canto. Que definición máis axeitada para un poeta!

O espazo (o “ámato múltiple”)

O espazo burgués, desterritorializado, tamén baleiro e idéntico a si mesmo ao longo do planeta, non dá pé a reparar en sensacións diferenciadas que se institúan nominalmente cunha dignidade semellante ás dominantes, senón que, no mellor dos casos –isto é, cando non son arrasadas (“valeiráronlos nomes”)– simplemente son subordinadas, sometidas e parceladas. Por outra banda, na ideoloxía do capitalismo, os recursos poden ser explotados sen límite, pois non se concibe o seu esgotamento.

A relación coa natureza na obra de Uxío non é de dominio, non é de conquista, non é de explotación. A natureza non está nin é para a libre disposición nosa, senón que, dalgún xeito, ten “vida propia”, ten a súa independencia. Mais, aínda así, é posible a confluencia, a comunión para o que exige unha disposición ao encontro, ao abrazo:

“Os fiús da auga/ técense cos fiús do soño/ que eu soño.”

Esa relación de fraternidade coa natureza funda e fundamenta as relacións de fraternidade cos outros seres humanos. Esa exaltación da beleza dun fráxil paxaro, do seu canto, é unha posta en valor dos pequenos, dos débiles. A subversión da orde na natureza é unha metáfora da subver-



sión da orde inxusta e de dominación nos seres humanos. E a natureza válese por si mesma; non precisa dos homes para existir. Mais é nos seres humanos que a natureza alcanza a súa propia conciencia. Agora ben, pode rachar ese proceso e perderse ese continuo até chegar a se contraponen natureza e cultura; Terra e ser humano. Non é ese o caso de Uxío.

Os *Eidos* recollen no título esa idea de espazo que lonxe de ser anónimo e baleiro, resulta humanizado, traballado, un lugar que está atravesado pola institucionalización da súa propiedade e, á fin, pola historia que foi depositando sobre el o pasado dunha colectividade e que finalmente é cristalizado nun topónimo. Nun momento onde o imperialismo fixa a xerarquía na que se estratifica o mundo desde Nova York até os Andes ou o Courel, hai alguén que ergue o propio entorno a un rango que lle é negado e dirixe o foco cara a un mundo que se presume en extinción irreversible.

Este canto ao particular, esta afirmación do circundante, ten riscos, sobre todo o de ficar circundado nunha burbulla. Tamén o de excluír calquera elemento contaminante pode illarnos nun invernadoiro artificial.

En calquera caso, afirmar o espazo rural non ten unha intención ruralista no sentido de exaltar unha volta a este ámbito, nin sequera un interese nostálgico. Como vimos de comentar, en Uxío a natureza devolve a mirada, tamén nos contempla, dalgún xeito lémbra-nos quen somos, que nós so-



Uxío pasou a última etapa da súa vida en Compostela, consolidando e confirmando un recoñecemento que lle chegara moi novo ao consagrarse cunha obra publicada xa no 1955, cando só tiña 25 anos



Desde moi novo vemos a Uxío participando en actos de honra a autores desaparecidos para prolongar a súa lembranza. Vémolo enriba na homenaxe a Cunqueiro en Mondoñedo xunto con Avilés de Taramancos, no 1989

mos natureza, pode que algo máis, mais nunca menos que natureza. O rural é onde se produciu o diálogo entre o ser humano e a natureza, ao mesmo tempo que entre os propios seres humanos, e foi a partir desta conversa de séculos que se foi forxando as identidades colectivas e, conseguintemente, os pobos.

Así pois, o rural é onde se conformou as bases do pobo no seo do que tivo lugar o xurdimento da cidadanía. O individuo foi –e é– unha creación da colectividade. O cidadán foi posible porque a comunidade deu esa carta de presentación aos seus membros.

Se o cidadán fose só individuo fragmentado, illado, non chegaría a cidadán... cidadán de que? O cidadán universal abstracto do capitalismo non existe en concreto como suxeito de dereitos, e mesmo cando se enumeran na Declaración universal dos dereitos humanos, fican en papel mollado sen unha comunidade que os garanta e os aplique.

O rural, en dialéctica constante co medio, en conversa intelixente coa natureza, foi construindo unha identidade conxunta que internalizada acabou sendo quen de conformar unha conquista da humanidade que, á fin, superou os vencellos sanguíneos e transcendeu os individualismos cosmopolitas para saberse comunidade da que corresponsabilizarse. O rural é o forno no que se coceu o pobo.

Por iso, en Uxío non estamos a falar de natureza morta, nin de rural inerte. O rural pariu a lingua e demais

pasado que hoxe somos: “O pasado é labrego”, afirma. Olga Novo soubo ver nos *Eidos* ese catalizador civil que no, seu tempo, pasou desapercibido ou simplemente se tratou de non delatar as intencións de quen daba voz aos penedos porque as persoas tiñan que estar caladas: “Así como os versos de *Os Eidos* nos levan a unha reflexión sobre a identidade dos seres e a fusión do individuo coa terra, estes mesmos versos gardan tamén mensaxes comunais entretrecidas polo pobo ó longo de séculos”.

A aldea é a condición necesaria para que se conforme unha lingua e cultura que permite imaxinar unha identidade común máis alá das relacións directas que un ten. Saber que a centos de quilómetros hai alguén que nunca vimos, nin coñecemos, mais que podemos chamar coma nós. Leva o noso nome: galego (“José de Cospeto/o teu nome xa está posto a extinguir./Chamaran-nos Galicia...”).

Mais a aldea non é condición suficiente. Cumpre artellarse coa cidade para que finalmente levede e se formalice un pobo. Hai unha asociación xeneralizada do rural co pasado e da cidade co futuro, mais para Uxío, como queda dito, a repetición do pasado, a recreación do pasado é o xeito máis auténtico de explorar as posibilidades do futuro e de promover a súa realización. A concepción do tempo que ten Uxío ten como consecuencia unha visión do espazo rural como conmemoración dun pasado que nos une, que nos dá forza, que nos fai pobo e que nos abre un futuro mellor, un futuro diferente do que a historia nos reservou, un futuro que se albisca nos signos do pasado e que anuncian a inminencia dun cambio, que nos pon alerta e que nos empuxa á acción. Por iso Uxío rastrea no pasado e no rural como esculca o labrego o ceo para planificar os labores do día, para organizar a transformación da súa realidade para mellorar as súas condicións de vida.

Uxío procura en cada recanto do seu redor os sinais que lle indiquen

como construír o canto que anime a acción colectiva dun pobo reiteradamente derrotado. O pasado ilumina o presente, e a poesía actualízao para que se comprenda en que nos convertemos e porqué, sen ese revivir que rescata a poesía a realidade esvaeríase na irracionalidade absurda:

“ANOS sin o poema
o pasado informe desfigura
e comenza a medrar como algo
bárbaro
un desconocido cuia pantalla nos
tapa e tapa o MUNDO”

Nos que rexeitan o rural por acialo co pasado, hai un desarraigo, un desclasamento, mais á fin un empobrecemento do espírito:

“Vírono como arcaico, só como pasado. Fuxindo da aldea perderon toda a experiencia que vén dende o Neolítico.”

Un pensa que abonda con esquecer quen é para lograr ser aquel que o fascina. Mais a amnesia non é fornecedora de ningunha identidade individual e moito menos comunal. Iso non quer dicir que se deixe de soñar, senón ao contrario:

“Xa está dito que soñar é crear. Máis compre reasumilo. Soñar é descubrir posibilidades certas. Cáseque sempre soñamos posibles necesarios. Cáseque nunca soñamos imposibles, anque só sexa por esa discreción que nos impón a Historia. Posibles necesarios e difíciles. Difíciles só porque están en cheque con intereses creados e coa simple inercia. Só por iso. Por iso foron descartados, deixados. Fómonos desdeixando dos soños. E neste desdeixarse algo terá que ver o que eles ás veces poden ter de mentido ou de iluso. Máis como posibles que son e como necesarios volven e volverán plantexarse xeración tras xeración, individuo tras individuo, esixindo a súa formación definitiva e a súa realización”.

A diferenza entre ser iluso e soñador é a posibilidade de imaxinar mundos mellores sen deixar de ter os pés na Terra. “Soñamos o noso Futuro dendes da experiencia do Pasado”. Isto

é, partir dos recursos que herdamos, do coñecemento do entorno, de asumir as propias posibilidades. Como dicía Lenin: mentres haxa algún contacto entre os soños e a realidade, todo vai ben.

É obvio que estamos condicionados polo pasado. Mais Uxío vai mais alá, ao aliñarse militantemente cos que “estamos pensando o futuro como pasado”, pois para el do que se trata é de reactivar ese pasado, de volver ao común e recoller o herdo da acción colectiva, para afirmar a irmandade dos que descendemos dunha mesma tradición común –mesmo que sexa unha tradición de derrotados– xa que: “inda a fraternidade move cousas”.

Neste sentido é no que dicimos que fai confluír inminencia e inmanencia, pois os agoiros fúndanse nas propias potencialidades reafirmadas unha e outra vez. Por iso, o poeta é un profeta que abre as portas para que pase un futuro que estaba pechado xa dentro do propio pobo:

“Aínda concibo a función do escritor como función máxima e no cas galego a Literatura como misión, como gardadora do pasado, como veladora e como adianto do porvir, aínda que só se adianta o que xa está en nós”.

Se só se adianta o que xa está en nós, canto máis nos coñezamos, máis saberemos sobre o que nos agarda, e isto desencadea a acción colectiva, xa que o individuo só actúa así diante da confianza de que os demais van facer o mesmo, isto é, diante da inminencia da actuación colectiva. A inminencia lánzanos a saltar do individuo ao pobo:

“A certeza da posibilidade, sostén as loitas e as revolucións sucesivas. Agora estamos nun intermedio sen expectativas á vista, no que temos que repregarnos á certeza da posibilidade máxima, sen o pathos puxante que dá **sentir a inminencia**, quero dicir a inminencia de que ese soño se vai cumprir xa, pois hai veces que por mínimos indicios percibimos a inminencia, e non a percibimos uns

Uxío aliñase
militantemente cos que
“estamos pensando o
futuro como pasado”,
pois para el do que se
trata é de reactivar
ese pasado, de volver
ao común e recoller
o herdo da acción
colectiva



Vemos dúas concepcións de Novoneyra a través da arte de Laxeiro e Maside. El mesmo tratou dalgún xeito de conciliar diversas artes e fundamentalmente a pintura e a poesía

cantos, percíbena os **vixías dunha xeración.**”

Uxío falaba de como a súa xeración, ou –poderíamos dicir– os vixías dela, non foron quen de organizarse como grupo, aínda que si tiñan grande afinidade:

“Quizais a miña xeración nunca estivo artellada. Só atrancos como a Dictadura a unían, e expectativas que puidesen parecer **inminentes** como a da revolución mundial, pero nunca estivo especialmente unida.”.

Non foi posíbel superar a dispersión a pesar do chamado da inminencia, aquela xeración non foi quen de salvar a Galiza como se interrogaba no seu verso. O certo é que as derrotas se contraponen fronte ás expectativas e persuaden de dar o salto que rache o illamento. E este país conta no seu haber con demasiadas frustracións colectivas:

“Un pobo dotado para a vida e para a resistencia e para a tolerancia mais que desconfía do esforzo colectivo, un pobo que chegou a acuñar a frase: ‘Ben común non é ben ningún’, se certamente foi acuñada eiquí.”

Aínda que, nalgún momento histórico xa afastado, o noso pobo amosou tempero nas loitas contra os nobres (Revolución Irmandiña). Algúns din que en nós, nos galegos, aínda gravita o fracaso da Revolución Irmandiña e que vén de aí esa desconfianza no común.

Así pois, aquela xeración, como nos di Uxío del mesmo, “andaba a

tentas encontrando o noso pasado histórico e buscando a tentas o fundamento da nosa fidelidade”, e dalgún xeito o rural e a lingua, ofrecían a oportunidade de achegarse a ese pasado, pois aínda estaba vivo nestes dous ámbitos.

Así, a respecto da lingua di:

“... nosa lingua, da nosa diferenza, o verbo orixinario, depositario da memoria común, gardador da nosa inmortalidade, da única pervivencia máis alá da memoria personalizada, a relixión inevitable, pois **só somos pasado**. E a lingua é a memoria do pasado común. Por iso se di que a lingua propia vala para algo máis que para comunicarnos: vale para unirmos e gardarnos.”

A lingua, pois, ten esa capacidade de transcender a dispersión e fragmentación, configurando unha colectividade e, xa que logo, reactivando a acción conxunta que é a única xeradora de futuro positivo:

“Soñamos o noso Futuro dendes da experiencia do Pasado. O Pasado, a profundidade do Pasado, solo está vivo na Lingua. Non so e o xeito dun pobo senón que garda incluso o acento a presenza i a figura de tódolos que a falan. Por eso nos move i e sagrada pra nós.”

Agora ben, o poeta é pois “gardador” do pasado, mais tamén “doador”. Debe crear algo novo, debe contribuir, non se pode limitar a permanecer ancorado nese tempo ido:

“O home debe ter liberdade, e mesmo o home que leva o seu pa-

sado, que arrastra inda que non queira, certa gravitación do pasado, non debe ter inda por riba deso que arrastra, a vontade de fidelidade. Porque sería quitarlle a pouca liberdade que lle resta. Sería fariseísmo: ser fiel á palabra escrita e non ser fiel ó que estás pensando, ó ser distinto no que te fuches convertendo.”

Nace a nación

O piñeirismo celebrou a chegada do poeta do Courel, mais non gustou de que viñese para ficar e teimou en recluílo outra volta no lugar e no momento de onde saíu. Mais Uxío saltou da tribo ao pobo, da aldea á nación, e xa non había camiño de volta:

“SEGUIREI na cidade
non quero enganarme ollando á serra.

Díxome que eu era samente
aquelelo
e podo ser calquer cousa non
grande nin pura.”

Negouse a deixarse atrapar nun frasco de perfume que puider ser administrado ritualmente segundo conveniencias alleas. O seu camiño do Courel a Compostela non foi por terras liberadas, mais si que sentou as bases desa liberación ao destruír os compartimentos estanco. O poder gusta de que se exalte a terra, a natureza, o rural, a cidade, o traballo, o que sexa, sempre que implique fragmentación. Do Courel a Compostela non é unha viaxe sen retorno e, dalgún xeito, non é sequera tal viaxe na medida en que nunca abandonou totalmente o Courel, o cal levou consigo por Madrid, por Compostela, por Lugo... Mais esa posibilidade de atopar rural na cidade e non só cidade no rural, ese encontro en pé de igualdade e de irmandade, “salvando” as distancias. A cidade de Uxío non dá as costas á aldea, á Terra, unha Terra que está baixo a cidade, no seu interior, no seu sangue, e na súa consciencia, mais que non acaba de saír á luz, como o moucho que escoitaba contra o serán da súa mocidade aló na alameda de Lugo:



Uxío Novoneyra, asiduo asistente a xornadas e congresos

“MOUCHO que cantas pra noite
queda

na sombra das flairas tecidas,
ti fais distas arbres de cidade
un bosque antigo no que eu
estuvén sempre.

Oíndote, esquezo as casas
apezadas d’orredor
que o teu canto iñora.

Moucho,
nós non somos para vivir esquí.
Os dous viñemos de lonxe
e tornaremos outra vez para aló,
onde o noso misterio se acai.
Ti iraste, despois que eu me vaia,
unha noite que ninguén vele
nesta cidade de nebras e campás
vagariñas.”

Esta falta de encaixe do rural e a súa marxinação cara ao soterrado e a escuridade no seo da cidade interfere a consumación da conformación dun pobo. Xa que logo, dissolve as expectativas, mais non refuta absolutamente a posibilidade de recuperar o futuro, pois a dispersión dos individuos da cidade non é irreversible cando as súas necesidades materiais e o seu combate pola liberdade exixen unha resposta colectiva:

“LIBERTÁ chamas nos ollos tristes
nas caras do METRO
nos que xa perderon o futuro e ganan
o pan con sobresalto
na gran cidade nos tesos cumes i
en todo o silencio preguntado.”

O pan, gañar o pan, o traballo, o corpo, a natureza. É doado esquecer na cidade que somos seres finitos, que temos corpo, que somos natureza. A



Novoneyra, xunto con Manuel María e Miguel Anxo Fernán Vello no III Congreso da Asociación de Escritores en Lingua Galega

cidade soe botar polo sumidoiro a natureza, substituíla por unha de plástico, e pouco a pouco facendo o mesmo coa existencia. O mundo do traballo pasa a facerse clandestino, sucio, vergoñento. No rural, en cambio, o traballo é ostentoso: a malla faciase de tal xeito que se oía en todo o val, había un certo orgullo (“Ter mallado co mallo desde os sete anos. Antes dos sete. Fascinábame e entón parecíame un traballo heroico...”)

Mais en Uxío, a crítica á cidade, polo que perdeu do rural, non é unha chamada a botarse ao monte, senón, ao contrario, un furar no asfalto para sacar das entrañas da cidade ao rural que alberga no seu seo. Como naquel poema temperán que Uxío un día rescatou a pesar que estaba nunha lingua que xa abandonara:

“y que todavía es posible que en algún SITIO nazcan flores,
aún aquí, en la ciudad y en este tiempo.”

Así pois, para Uxío chegamos a pobo, nacemos como pobo, grazas ao esforzo por saírmos da burbulla individualista e somos quen de relacionarnos cos outros homes e co territorio sobre o que nos asentamos tratando de vencer a fragmentación. Realmente o “home novo” de Uxío, o “home-pobo” non é unha creación deseñada polos teóricos ou polos ideólogos da revolución. Nel o “home-pobo” é unha conquista da conciencia de si mesmos e das propias posibilidades.

Á fin, a poesía de Uxío procura ir ás raíces daquilo que nos une, fronte

ao que nos oprime, ao que nos domina. Sabe que esa opresión se mantén pola disolución da comunidade:

“Esperan o que espera o poder:
temor e desesperanza
e que só sexamos nós.”

Coa idea de que os pobos non existen, o poder trata de manter o ser humano reducido á condición de individuo: “Somos individuos mais somos tamén pobo común”, afirma Uxío. Con todo o poder trata de destruír os pobos, e Uxío pregúntase: “cándo remata un pobo?” e responde: “un pobo nace sempre”.

Dicir que un pobo nace sempre é tanto como recoñecer a súa continua descontinuidade. Un pobo non é algo dado, hai que formalo e conformalo. Mais non se desintegra, por moito que se pretenda, porque ten en si o xerme da súa conformación e formación. Os individuos, que viven e conviven sobre un determinado territorio, acaban unha e outra vez constituíndose como pobo, sobre todo fronte ao inimigo, ao perigo.

Mais Uxío non defende o espontaneísmo. Un pobo non se crea de súpeto e desde a nada. A inmanencia de que nos fala fúndase na experiencia común e na organización colectiva. Para Uxío, o pobo existe e resiste desde sempre. Outra cousa é a nación. Esa forma moderna que adoptaron os pobos para se relacionaren en pé de igualdade cos demais.

Uxío insiste en engadir os cualificativos de crítico e defensivo ao referirse ao nacionalismo que practica. Non só para distinguirse doutros autodenominados nacionalismos que realmente son simples imperialismos por tratar de abranguer máis dunha nación baixo un mesmo xugo. Sobre todo, o nacionalismo para Uxío é de resistencia á dominación e, xa que logo, ademais de ser un xeito de relacionarse o pobo consigo mesmo, o fundamental é o plano de relacións que trata de establecer cos demais pobos e que se fundaran no recoñecemento dos dereitos colectivos destes independentemente do seu tamaño. Así refírese a Vietnam:

“seino por vós
pobo como o meu
GALICIA pequeniña
sola cousa de todos”

Dereitos, onde o primeiro é o de
autodeterminación. E así apela ao
pobo galego:

“É xa hora de que señas toda
patria dos teus
dos que gardaron a fala en que
máis se dixo adeus
e señas dona de ti e señora de
falar
señora de decidir e dona de se
negar”.

Dalgún xeito a ladaíña de Gali-
za é a confesión dun nacionalista, a
oración diaria, e a orde do día co que
se levanta cada mañá. Empeza polo
nome: O sentimento fíxose denomi-
nación:

“GALICIA digo eu un di GALICIA
GALICIA dicimos todos GALICIA
hast'os que calan din GALICIA
e saben sabemos”

Segue a facer a constatación da
conexión individual-universal que no
súa concepción do mundo se estabe-
lece a través da dor:

“GALICIA da dor chora á forza
GALICIA da tristura triste á
forza
GALICIA do silencio calada á
forza
GALICIA da fame emigrante á
forza
GALICIA vendada cega á forza
GALICIA tapeada xorda á forza
GALICIA atrelada queda á forza”

Desfáise do que el chama os
“soños ilusos” e desenmascara a falsa
liberdade que se ofrece:

“libre pra servir libre pra servir
libre pra non ser libre pra non ser
libre pra morrer libre pra morrer
libre pra fuxir libre pra fuxir”

Constata que aínda hai pobo, pre-
sente, pasado e futuro. Pobo eterno,
que reside e resiste nas clases popu-
lares:

“GALICIA labrega GALICIA nosa
GALICIA mariñeira GALICIA
nosa A
GALICIA obreira GALICIA nosa




GALICIA irmandiña GALICIA
nosa
GALICIA viva inda GALICIA
nosa”

Lánzase a intervir sobre esa rea-
lidade para conformar a Nación, par-
tindo da realidade obxectivada que
herdamos. A nación é unha invención
dos nacionalistas, mais non a partir
da nada, senón tomándoa do territo-
rio no que se asenta, do pobo previo
que se foi forxando, e do pasado que
a historia oculta:

“recóllote da TERRA estás moi
fonda
recóllote do PUEBLO estás n'il
toda
recóllote da HISTORIA estás
borrosa”

E finalmente, afirma o futuro e as
posibilidades que cumpre realizar
e que están inmanentes no que é
a propia realidade da nación por
liberar:

“recóllote i érgote no verbo
enteiro
no verbo verdadeiro que fala o
pueblo
recóllote pros novos que vein con
forza
pros que inda non marcou a
malla da argola
pros que saben que ti podes ser
outra cousa
pros que saben que o home pode
ser outra cousa
sabemos que ti podes ser outra
cousa
sabemos que o home pode ser
outra cousa” ■



Desde “Os Eidos” até o final da súa traxectoria
como escritor, Novoneyra garda unha grande
coherencia de pensamento ao mesmo tempo que
continuamente está a revisar e modificar as súas
poesías nas diferentes edicións da súa obra